O Parlamento de Galicia adhírese á campaña *A Hora do Planeta* contra o cambio climático

- **A sede do lexislativo galego apagará todas as luces o vindeiro 19 de marzo de 20:30 a 21:30 no marco desa campaña de concienciación**

- **O Parlamento de Galicia dispón da súa propia estratexia de aforro enerxético e minimización de residuos**

Santiago, 11 de marzo de 2016.- O Parlamento de Galicia vén de adherirse á campaña A *Hora do Planeta*, que pretende implicar a máis de mil millóns de persoas e mobilizar a 7.000 cidades do mundo para demostrar o apoio global á acción contra o cambio climático apagando as luces dos seus principais edificios e monumentos.

No marco desta campaña, o Parlamento de Galicia apagará todas as luces o vindeiro 19 de marzo entre as 20:30 e as 21:30 horas.

A Hora do Planeta (http://www.horadelplaneta.es/) é unha campaña de WWF xurdida en Sidney (Australia) en 2007 como un xesto simbólico de loita contra o cambio climático. Tense convertido na maior campaña de mobilización ambiental da historia, segundo os seus promotores.

Máis aló de xestos como a adhesión a esta campaña, o Parlamento de Galicia dispón, desde hai anos, da súa propia estratexia de aforro enerxético e minimización da xeración de residuos.

Nos últimos meses, o Parlamento de Galicia está a executar a primeira fase da substitución paulatina da iluminación do edificio por luminarias con tecnoloxía *led,* que proporciona aforros enerxéticos superiores ao 50 % respecto ao equipamento anterior. A Cámara tamén ten prevista a substitución do equipo de climatización do Hemiciclo por outro máis eficiente.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.

Departamento de Prensa: Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia
Tel. 981 551 329 – Fax.: 981 551 400; e-mail: carlos.varela.castineiras@parlamentodegalicia.gal